



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2022/E001/000019

ANUNCIO NUM. 3

Convocatoria para a cobertura mediante persoal laboral fixo, dunha praza de limpador/a, do Concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022). Estabilización de emprego temporal. Resultado do proceso selectivo.

O órgano de selección do proceso selectivo (concurso-oposición) para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de **limpador/a** do Concello das Pontes de García Rodríguez, nomeado mediante a Resolución núm. 1684/2024, do 26 de agosto (BOP núm. 169, do 03/09/2024), procedeu á valoración dos méritos das persoas aspirantes e á realización da fase de oposición e dispuxo a publicación dos resultados para os efectos de presentación de reclamacións, sen que nos prazos concedidos se tivese presentado ningunha.

O proceso selectivo rexeuse polas bases xerais publicadas no BOP núm. 231, do 07/12/2022, e polas específicas, inseridas no BOP núm. 241, do 22/12/2022.

O órgano de selección celebrou as súas sesións os días 2 e 9 de outubro e 19 de novembro de 2024. Nesta última, adoptou os seguintes acordos:

“**Primeiro.** Elevar a definitiva a valoración do proceso selectivo (concurso-oposición) para a cobertura mediante persoal laboral fixo unha (1) praza de limpador/a do Concello das Pontes de García Rodríguez, co seguinte resultado:

Aspirante	Puntuación concurso	Puntuación oposición	CELGA 2 ou equivalente	Puntuación total
Rey Rodríguez, María Teresa	10 puntos	10 puntos	Sí	20
Soto Soto, María Enma	3,25 puntos	15 puntos	Sí	18,25

Segundo. Declarar que **María Teresa Rey Rodríguez**, con DNI ***5172**, superou o proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de **limpador/a**.

Terceiro. Proponer á Concellería Delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá a **contratación** de **María Teresa Rey Rodríguez**, coa categoría de **limpador/a**, do cadro de **persoal laboral fixo** do Concello das Pontes de García Rodríguez.

Cuarto. De conformidade co establecido na base novena das bases xerais, establécese a seguinte relación complementaria, por orde decrecente de puntuación, coas persoas aspirantes finalistas do proceso selectivo, pero que non foron incluídas na proposta de contratación, coa finalidade de poder ser efectuado o nomeamento a prol da persoa que lle corresponda en caso de renuncia antes da



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencvms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

contratación ou imposibilidade de contratación da aspirante proposta, de acordo co disposto no artigo 61.8 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público:

Aspirante	Puntuación concurso	Puntuación oposición	CELGA 2 ou equivalente	Puntuación total
Soto Soto, María Enma	3,25 puntos	15 puntos	Sí	18,25

Quinto.- En virtude da base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E-2022 (artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), **publicar** un anuncio co resultado do actuado na presente sesión no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes de García Rodríguez, así coma na páxina web municipal.

Sexto.- A persoa aspirante proposta polo Tribunal deberá **presentar no Rexistro Municipal, no prazo máximo de vinte (20) días hábiles**, contados a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no Taboleiro de anuncios electrónico do concello, **a seguinte documentación:**

- Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.
- Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da sinatura do contrato.
- Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
- Acreditación documental da conta bancaria no que se farán os seus ingresos nominais.

A non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación esixida e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base terceira, impedirá o nomeamento e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade na súa solicitude de participación.”

Documento asinado pola secretaria de do órgano de selección na data da sinatura dixital.